



CONCELLO DE REDONDELA

Expte nº: 1692/2018

Departamento: Contratación

Procedemento: Acondicionamento e mellora de camiños municipais en Saramagoso, O Viso, e as Cabritas, Reboreda, Redondela

Asunto: Plan Concellos 2018-2019 (S/ref. 2018051101)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o **proxecto técnico** redactado e asinado electrónicamente, con data 19/10/2018 e CV 5DJAYFZM9SLJEN6242PKRKPX3, polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Alberto Puig González, colexiado núm. 26.494, aprobado por resolución da alcaldía de data 19/10/2018 e número 2018-2854, que inclúe un orzamento de 38.216,18 €, que supón un IVE de 8.025,40 €, facendo un total de 46.241,58 € IVE engadido.

Concedida, mediante acordo da Resolución da presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra do 30/10/2018 unha subvención, ao abeiro do **Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019** da Deputación Provincial de Pontevedra, cuxas bases reguladoras foron publicadas no BOP núm. 2 do 03.01.2018, polo importe de 46.241,58 €, correspondéndose co total do orzamento incluído no referido proxecto técnico.

Vista a **providencia da alcaldía de data 30/10/2018** e CV 6WG6J6JTNPMDLAY9YD9LDZMG, pola que se acorda o incio do expediente de contratación e a licitación pola modalidade de contrato menor, por razón do importe, que textualmente di:

“Este Concello considera conveniente realizar as actuacións necesarias para a rehabilitación do pavimento e melloras de drenaxe en diversos camiños de titularidade municipal, repartidos en dúas actuacións:

1. Actuación 1: lugar de Saramagoso, parroquia de O Viso:

- a) Camiño Torreiro do Viso
- b) Camiño Costa da Peneda

2. Actuación 2: no lugar de As Cabritas, parroquia de Reboreda

- a) Camiño Fondo do Canudo
- b) Camiño de As Cabritas

Con este fin, encargou a redacción do correspondente proxecto técnico ao enxeñeiro de camiños, canais e portos, Alberto Puig González, colexiado núm. 26.494, que foi redactado e asinado o 06/09/2018 cun orzamento para as dúas liñas de actuación de 38.216,18 €, que supoñen un IVE de 8.025,40 €, facendo un total de 46.241,58 €. Obra no expediente o informe do arquitecto municipal de data 17/10/2018, con CV 3Y2ZA6HYT9AJGZRGWYXRWHDHA, no que se indica, entre outros, que a obra discorre por camiños de titularidade municipal e que non se precisan autorizacións sectoriais.

Solicitada a inclusión de este investimento no Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019 da Deputación Provincial de Pontevedra, cuxas bases reguladoras foron publicadas no BOP núm. 2 do 03.01.2018, mediante Resolución da Presidencia da Deputación Provincial



de Pontevedra, de data 06.09.2018. O proxecto que se remitiu xunto coa solicitude foi subsanado, segundo o seu requerimento de data 01/10/2018 (Nº de rexistro:2018-E-RC-12851), e reenviado o día 19/10/2018 (2018-S-RE-2759). En data 30/10/2018 recíbese a resolución da Deputación provincial de data 24/10/2018 de concesión da subvención solicitada polo importe íntegro do orzamento incluído no proxecto técnico.

Tendo en conta o anterior para os efectos de contratar estas actuacións, **DISPOÑO**

Primeiro.- Iniciar o procedemento de contratación, mediante contrato menor, das obras de “Acondicionamento e mellora de camiños municipais en Saramagoso, O Viso, e as Cabritas, Reboreda, Redondela”

Segundo.- Solicitar orzamentos a aloments tres empresas que teñan capacidade de obrar e conten coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación obxecto do contrato.

Terceiro.- Incorporar ao expediente os informes da Secretaría e Intervención municipal”

Considerando que pola **providencia da alcaldía de data 02/11/2018**, con CV 99MDHCJMMGRC5WSX7DTR7DGE3, dispónse a **modificación do procedemento** de licitación ao ordinario simplificado, en aras de garantir na licitación das obras o cumprimento dos principios de publicidade, transparencia, non discriminación e igualdade tal como establece a lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, reproducíndose literalmente a citada providencia:

“Este Concello considera conveniente realizar as actuacións necesarias para a rehabilitación do pavimento e melloras de drenaxe en diversos camiños de titularidade municipal, repartidos en dúas actuacións:

1. Actuación 1: lugar de Saramagoso, parroquia de O Viso:

- a) Camiño Torreiro do Viso
- b) Camiño Costa da Peneda

2. Actuación 2: no lugar de As Cabritas, parroquia de Reboreda

- a) Camiño Fondo do Canudo
- b) Camiño de As Cabritas

Con este fin, encargou a redacción do correspondente proxecto técnico ao enxeñeiro de camiños, canais e portos, Alberto Puig González, colexiado núm. 26.494, que foi asinado o 06/09/2016 cun orzamento para as dúas liñas de actuación de 38.216,18 €, que supoñen un IVE de 8.025,40 €, facendo un total de 46.241,58 €. Obra no expediente o informe do arquitecto municipal de data 17/10/2016, con CV 3Y2ZA6HYT9AJGZRGWYXRWHDHA, no que se indica, entre outros, que a obra discorre por camiños de titularidade municipal e que non se precisan autorizacións sectoriais.

Considerando que este Concello solicitou a inclusión das obras de “Acondicionamento e mellora de camiños municipais en Saramagoso, O Viso, e as Cabritas, Reboreda, Redondela” no Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019 da Deputación Provincial de Pontevedra, cuxas bases reguladoras foron publicadas no BOP núm. 2 do 03.01.2018, mediante Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 06.09.2018.



Tendo en conta que en data 01/10/2018, con núm 2018-E-RC-12851, tivo entrada no Rexistro xeral un requerimento de subsanación do proxecto de acordo coas deficiencias sinaladas no informe do 26/09/2018 do xefe do servizo de cooperación da Deputación de Pontevedra así como a indicación de que “obsérvase que a tipoloxía e unidades de obra coinciden coa actual polo que se propón que se teña en conta que poida ser constitutivo de fraccionamento de contrato”.

É polo que este Concello procedeu á remisión do proxecto modificado, que foi informado polo arquitecto municipal en data 19/10/2018 5DJAYFZM9SLJEN6242PKRKPX3 e aprobado por resolución da alcaldía de data 19/10/2018 e número 2018-2854, indicándose tamén o compromiso de que este Concello garantiría na licitación das obras o cumprimento dos principios de publicidade, transparencia, non discriminación e igualdade tal como establece a lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. En data 30/10/2018 recíbese a resolución da Deputación provincial de data 24/10/2018 de concesión da subvención solicitada polo importe íntegro do orzamento incluído no proxecto técnico.

Vista a providencia deste mesmo órgano de data 30/10/2018, con CV 6WG6J6JTNPMQDLAY9YD9LDZMG pola que se acordaba iniciar o procedemento de contratación, mediante contrato menor, por razón do seu importe, en aplicación do art. 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, posto que, segundo a memoria valorada redactada e asinada electronicamente o 06/09/2016 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Alberto Puig González, colexiado núm. 26494, o orzamento das obras ascende a 38.216,18 euros máis IVE, o que fai un total de 46.241,58 euros.

Tendo en conta o anterior, co fin de garantir a efectividade do cumprimento os principios de publicidade, transparencia, non discriminación e igualdade tal como establece a lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público nesta contratación, DISPOÑO

PRIMEIRO: Continuar a tramitación do expediente de contratación da obra de “Acondicionamento e mellora de camiños municipais en Saramago, O Viso, e as Cabritas, Reboreda, Redondela” mediante procedemento aberto simplificado, en función de que a adxudicación recaia no licitador que faga a mellor oferta calidade-prezo, tendo en conta os criterios que se establezan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e logo de seguir o procedemento legalmente establecido.

SEGUNDO.- Solicitar acreditación documental de Intervención relativa á existencia de crédito para o referido contrato.

TERCEIRO.- Que se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares polo servizo correspondente.”

Vista a **acta de trazado previo** asinada con data 02/11/2018 posterior á aprobación do proxecto, polo mesmo técnico redactor deste, o enxeñeiro de camiños, canles e portos Alberto Puig González

Visto o certificado de referencia Certif-05.11.18.1 da Intervención municipal de data 05/11/2018 acreditativo da **existencia de crédito** axeitado e suficiente por importe de 46.241,58 euros na aplicación 1531A/6190018 do estado de gastos do orzamento do Concello para o ano 2018

Lida a **Memoria xustificativa-Informe de necesidade** asinada conxuntamente polo alcalde, como órgano de contratación, e pola concelleira de Parques, Xardíns, Obras e Servizos con data 02/11/2018, con CV 3K9PN6QE7WR9X7FFKHWA39MX3



Esta Alcaldía, ao abeiro das competencias que lle confire a lexislación vixente,
RESOLVE

Primeiro.- Iniciar o expediente para contratar a obra de **Acondicionamento e mellora de camiños municipais en Saramagoso, O Viso, e as Cabritas, Reboreda, Redondela**, incluída no **Plan Concellos 2018-2019, anualidade 2018**, mediante **procedemento aberto simplificado** previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, procedemento que se xustifica pola contía das obras cuxo orzamento ascende a de 38.216,18 €, que supón un IVE de 8.025,40 €, facendo un total de 46.241,58 € IVE engadido, e en función de que a adxudicación recaia no licitador que faga a mellor oferta, tendo en conta os criterios que se establezan nos pregos de cláusulas administrativas particulares, e sen prexuízo do dereito da administración de declarar deserto o procedemento.

Segundo.- Incorporar ao expediente:

- Acta de replanteo da obra e as pertinentes autorizacións.
- Acordo aprobatorio do proxecto.
- Proposta do servizo que promove a contratación.
- Memoria xustificativa-Informe de necesidade
- Acreditación documental da Intervención da existencia de crédito.
- Prego de cláusulas administrativas particulares.
- Informe de Secretaría.
- Informe da Intervención municipal.

Terceiro.- Designar como funcionario encargado da tramitación do expediente o secretario xeral do Concello, Carlos López Quintáns.

Documento datado e asinado electronicamente á marxe